

O CANDIL

Xuño 1998

Nº 18



Gaiteiros no basamento do púlpito da capela do pazo de Stª Cruz (Bueu)

**A MÚSICA EN BUEU
NO CORRER DOS TEMPOS**

Neste O Candil tentamos botar unha ollada o través do tempo ós grupos, persoas, asociacións, ... que nalgún momento tiveron a música como actividade de ocio ou profesional.

Non pretendemos ser exhaustivos no tratamento nin na recompilación, aínda que sí, fieis notarios das actividades e aspectos que ata nós foron chegando.

Queremos significar que este traballo sería moito máis difícil, e nalgúns dos aspectos imposible, se non contásemos coa inestimable documentación aportada por Manuel Aldao Portas que foi coordinador dunha exposición que no mes de agosto de 1988 se organizou na sociedade Náutico de Bueu sobre mesmo tema.

Moitas das veces citaranse persoas polo seu alcume, diminutivo ou como referencia a “fillo de...”, pois así son máis fáciles de identificar ou é como a información chegou ata nós; que ninguén dubide de que o facemos co maior cariño do mundo e sen ningunha intención de molestar.

O CEIP de Bueu quere agradecer a todas aquelas persoas que dalgunha forma aportaron ideas, información, fotografías,... para que traballos como este sexan posibles.

Coa excepción das coros de declamación, teatro e comparsas, que terán o seus monográficos. Pedir disculpas se alguén, tendo que estar, non se vira reflectido nestas páxinas.

***“Silenzos e voces que arrolan os sons
en mundos de tebras que amosan a voz
baixando fervenzas, subíndose ó sol
onde os sentimentos fanse cancións.*”**

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do CEIP de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Antonia Castro García e Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fdez. e Manuel Aldao
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

GAITEIROS E GRUPOS DE GAITAS



Se queremos adentrarnos no mundo da música ó través do tempo moitas son as portas que podemos abrir, máis unha densa brétema impídenos oír os sons dos nosos antergos. En Bueu, sen ser excepción neste eido, temos a posibilidade de comezar por mencionar e revindicar as primeiras (s. XIII) mostras musicais dos nosos trobadores Nuno Treez e Xoán de Cangas, dos que nos quedou a letra, en forma de cantigas a San Clemenzo e San Mamede do mar.

Así mesmo, ollando na documentación oral e gráfica que ata nós chegou continuaremos, por parecernos máis preto do popular, co mundo dos gaiteiros.

A primeira referencia para Bueu na que aparecen gaiteiros, é iconográfica, está localizada na basamenta do púlpito da capela de St^a Efixénia e o conxunto musical que coroa o portalón que separa o adro do patio no pazo de St^a Cruz.

Estamos tamén na obriga de citar aqueles descoñecidos gaiteiros que nas festas do San Martiño amenizaban, por cinco reais ó día, a procesión do santo ó longo do século XVIII (A.P.B. no Libro de Fábrica. Ano 1737 e seguintes).

Entre os primeiros gaiteiros a nomear está Benito Martínez, casado con Antonia Lorenzo, que tocaba nas festas e, deducimos, que nas bodas (xa que aparece como testemuña de actas matrimoniais en moitísimas ocasións a partir de 1815).




Joaquín Barros

OS BARROS



Gaspar, Alberto, Gaspar, Eugenio



Para atopar as raíces desta "institución" de gaiteiros en Bueu, temos que alonxarnos, cando menos ata 1837 co Sr. Xoaquín Barros, bisavó de Manuel, o que foi director do grupo "Novos Ventos".

A este Xoaquín, ségueno o segundo dos Barros, tamén Xoaquín, e así chegamos, en 1912 ó primeiro grupo "Os Barros", do que xa temos testemuñas.

Compoñían este grupo os irmáns:

Gaspar Barros Vidal
Antonio
Xoaquín
Manuel
Constante

O continuador desta saga da gaiteiros en Bueu, foi Xoaquín, que fixo o grupo, por 1932, cos seus fillos:

Gaspar
Manolo
Ángel
Agustín

Polos anos 48-50, este último Gaspar xunto cos seus fillos (Alberto, Gaspar e Eugenio) crearían grupo aparte baixo o nome "Hermanos Barros". Os restantes irmáns (Manolo, Angel e Agustín), xunto con outros músicos, continuarían pola súa banda. Anos máis tarde Manolo pasaría a dirixir os "Novos Ventos" de Beluso.




Francisco Estévez García
“Paco Rínrán”

AIRIÑOS DO LIBOREIRO



Josefa Oliveira Chapela – Lino Villar Lorenzo
e Ángel González Oliveira



Este grupo comeza a súa andaina musical en 1950 dirixido por Francisco Estévez García, máis coñecido polo alcume de Paco Rinrán.

Estes gaiteiros, que durante máis de 30 anos alegraron as romairias do Morrazo, espallando polos aires harmoniosos sons foron:

Francisco Estévez García (Gaita)
Emiterio Núñez Juncal (Bombo)
Manuel Soliño Barreiro (Tamboril)

Nos anos setenta o grupo mantívose coa lóxica renovación xeracional, sendo os seus compoñentes:

Lino Villar Lorenzo (Gaita)
Josefa Oliveira Chapela (Bombo)
Ángel González Oliveira (Tamboríl)


AIRIÑOS da PORTELA



Edelmiro Chapela - Gaita

Manuel Vázquez – Bombo

Antonio Juncal - Tamboríl



O grupo Airiños da Portela formouse no ano 1934 e durou ata o 1990.

O seu fundador Edelmiro Chapela, comezou a tocar polo 1928 á idade de 7 anos.

Compoñentes:

Edelmiro Oliveira Chapela (Gaita)

Manuel Vázquez (Bombo)

Antonio Juncal (Tamboril)



Esta agrupación naceu en 1977 como actividade extraescolar ó alcance de tódolos alumnos do Colexio de Beluso.

Estivo formada por alumnos/as do Colexio e algúns ex-alumnos, de idades comprendidas entre os 8 e 16 anos.

Ó longo dos seus anos de existencia, a Agrupación "Novos Ventos" levou a cabo moitas actuacións en romairías, festas populares e actos culturais en:

- Diversos lugares da xeografía galega
- Festival Intercéltico de Lorient (Francia), en representación do folclore galego, no mes de agosto de 1981
- Festival Internacional de Música de Cantonigrós (Barcelona), en xullo de 1983.
- Festas do Pilar en Zaragoza, acompañando ó Presidente da Xunta de Galicia, que fixo entrega dunha bandeira galega ó Concello daquela cidade, no ano 1983.
- Varias actuacións en Portugal.
- Nas cidades de Esslingen, Denkendorf, Munich, Nuremberg e Frankfurt na República Federal de Alemaña, en xuño de 1985, co gallo da festa do cidadán extranxeiro.
- No verán de 1986, co gallo das festa do Apóstolo Santiago, esta agrupación realizou unha xira por varias cidades: Lleida, Tarragona, Salou, Cambrils, Ondárroa, Pamplona e Santander.
- No verán de 1987, voltou a actuar en Santander e Ondárroa, invitados polos centros galegos de ditas cidades.
- En decembro de 1985, o grupo de gaitas gravou unha cinta magnetofónica con diversos temas do folclore galego.

O número de compoñentes desta agrupación, no ano 1988 era de 50 gaiteiros e 90 compoñentes do grupo de baile, se ben se desprazan para realizar as distintas actuacións arredor de 45.


O director do grupo de gaitas foi Manuel Barros Comedeiro.

Este grupo tivo como último director a Xulio Rodríguez Cordeiro, ata que no curso escolar 95-96 deixou de actuar, aínda que moitos nenos da súa escola crearon ou están noutros grupos.



Manuel Gómez

OS DA PEDRA - VILLA DE BUEU



Os comezos deste grupo foron polo ano 1977, promovido pola Asociación de Pais do Colexio de Bueu, como unha das moitas actividades extraescolares que estes programaban.

Chamábanse "Os da Pedra" nome do paraxe onde está ubicado o colexio.

Tivo este grupo como primeiro director a Manuel Gómez, e logo a Francisco Estévez, coñecido como "Paco Rinrán"


Cando os rapaces do grupo fundador ían deixando o colexio, Manuel Gómez agrupounos co nome de Banda de Gaitas "Villa de Bueu".

O grupo do colexio "Os da Pedra" esmoreceuse pouco a pouco ata a súa desaparición.



URBALLO





O grupo de gaitas Orballo pertencía á Asociación cultural Danzadeira. Fundado no ano 1985.

Na parroquia de Cela e por inquedanzas dos pais pertencentes á APA do Colexio 'A Torre' formouse o grupo folclórico Torre-Cela no ano 1983.

No ano 1987 vendo que ó rematar a EXB quedaban estes alumnos desligados das actividades de danza pénsose na creación dun grupo que os integrase. Este grupo recibiu o nome de "Danzadeira". Constituíndose xaneiro de 1988 como Asociación Cultural.


O seu director foi Anxo Gago Vaqueiro 'Lito'.



MANXADOIRA



Director: Anxo Gago Vaqueiro



A Banda de Gaitas MANXADOIRA nace no ano 1993, baixo a dirección de Anxo Gago Vaqueiro, coa intención principal de ensinar, potenciar e espallar a música tradicional galega, facendo a súa primeira actuación en público nas Letras Galegas do 94.

A tonalidade das súas gaitas é a de 'Si' a semellanza coa meirande parte das bandas das provincias da Coruña e Pontevedra.

Dentro das súas actividades conta cunha escola de gaitas e percusión. Tamén cabe subliñar o interese da banda en dar coñecer o folclore tradicional, e para iso, organiza dous festivais, cada ano: o de ALBORADA que se celebra en agosto , e o de SANTA CECILIA en novembro. Tenta, co uso, contribuír á recuperación de instrumentos tradicionais de percusión: culleres de madeira, carrascos, cunchas, tarrañolas,...

O seu repertorio está composto por pezas de autor e outras de composición propia, destacando dentro das súas actuacións as seguintes:

- ❖ Participación en festas populares por toda Galicia.
- ❖ Participación no programa "Luar" da TVG.
- ❖ Acadou o primeiro posto nos anos 1995, 1996, 1997 no Campionato Nacional de Bandas dentro da súa categoría. O 21 de xuño participou, en Maside, na Liga Galega de Bandas de Gaitas conseguindo o segundo posto (a un punto do primeiro) ascendendo á 2ª Categoría de Bandas.

BANDAS DE MÚSICA



Banda Infantil
"Los exploradores"

As referencias das Bandas de Música, das Academias de Música ou simplemente, dos músicos, chegan ata nós unhas veces con mención directa, outras como referencias indirectas de eventos varios, pero case que sempre a través dos xornais.

Poremos algúns exemplos que nos dean algo de luz neste capítulo:

- ❖ A finais de 1894, o concello de Bueu subvenciona a Miguel Paratcha polo servizos da súa banda de música no recibimento no atrio da igrexa do Sr. Arcebispo.

- ❖ En xuño de 1922, Miguel Paratcha Otero, pide á alcaldía un local gratis onde poder impartir clases de música.

(Reconocer Bueu de José M^a Estévez, páx. 277)

- ❖ No ano 1923 hai un primeiro intento de formar unha Banda Municipal e a tal fin anunciase que se dan clases de solfeo e música nos baixos do Concello, por D. Miguel Paratcha.

(Faro de Vigo, 6-8-1923. Páx. 3)

- ❖ Coa semente das mencionadas clases de música formouse a Banda Popular que xa no 1924 actuou nun intermedio dun festival que se celebrou para recaudar fondos para esta Bada.

(Faro de Vigo, 28-3-1924)

- ❖ Non será ata 1927, cando o concello acorde a creación dunha Banda Municipal de Música.

(Faro de Vigo, 25-9-1927. Páx. 3)

- ❖ Mais unha cousa son os acordos e outras as realidades, pois por xullo de 1928, Ventura García solicita publicamente ó concello a creación da Banda de Música.

(El Pueblo Gallego, 31-7-1928. Páx. 12)

- ❖ No 1928 o Cuadro de Declamación de Bueu actúa a beneficio da minúscula banda de música composta, ademais do director Miguel Paratcha, por Manuel González Portela "Porteliña" que tocaba o trombón; Claudio González Martínez; os irmáns Juan e José Estévez García, *bombardino* e *frauta*; Camilo Verde "da Simona", o *redobante*; Manuel Mandado Estévez, o *cornetín*; Manuel Chuqueiro "de San Pedro", o *clarinete*; un tal Campos; Niní de Meiro, *caixa*; Bichoco de Coiro, Joaquín Barros "Chosco de Barros",...

(Reconocer Bueu, José M^a Estévez. Páx. 277)

❖ A descrición da Academia de música fáinola o representante en Bueu do xornal El pueblo Gallego co artigo seguinte:

"A nosa Academia de música.- Enteirados particularmente do abandono en que se ten o baixo do Concello destinado a Academia de Música e a fin de cerciorarnos da veracidade dos ditos, fixemos unha visita ó local podendo apreciar a certeza de canto nos referan.

Na porta que dá entrada ó patio situado diante do local xa recibimos unha impresión pouco agradable e que nos fixo supoñer o que veríamos ó pasar, pois ós dous lados da porta atopábanse restos de deposicións e outras cousas.

O citado patio presenta un aspecto moi pobre e mírase que o coidan pouco e as letrinas que nel se achán demostrannos que a hixiene non preocupa grande cousa pois percíbense cheiros que alcatrean.

Entramos no local, obxecto da nosa visita, e miramos que aquilo, máis que Academia, é un depósito do Municipio no que achanse amoreados carretas, cordas, picos, pas e unhas desconxuntadas mesas na que están sentados os alumnos, solfeando uns e facendo exercicios prácticos outros.

As paredes están bastante sucias e desprovistas de cal en moitas partes e observamos que existindo instalación eléctrica, sérvense de velas para alumear e que, segundo nos dín, teñen que pagar do seu peto, pois o concello négase a pagar o gasto do fluído que puideran consumir.

O profesor, señor Paratcha que dende vai seis anos ven explicando as leccións de música nesta mal chamada Academia, cóntanos que fixo, por varias veces, peticións as diversas corporacións que pasaron polo concello, e só a que actuou ultimamente lle comunicou por oficio que lle serían atendidas as súas peticións; pero ata o momento presente non se realizaron as ditas ofertas, pois todo está de igual forma que antes.

Dirixímonos á actual corporación para que ordene o traslado a outro lugar dos utensilios que almacena no referido local e efectúen as obras indispensables para hixienizalo, provendoos de mesas máis decentes e dos demais obxectos que se necesiten para a aprendizaxe da música.

Tamén cremos de xustiza que o Concello outorgue algunha subvención ó Sr. Paratcha, para remunerarlle do seu traballo."

(El Pueblo Gallego, 29-6-1930. Páx. 7)


❖ A resposta do concello ante as públicas lamentacións debou ser de desaloxo fulminante pois neste mesmo ano aparece a seguinte nota:

"A banda de música: Reseña dunha carta, asinada por "un músico", onde se lamenta da falta de apoio da Corporación municipal ata o extremo de que lles desposuíu do local que fai anos lle cedera. Gratidade hacia o comerciante e exconcellal Miguel Costas Acuña por cederlles gratuitamente un local na súa casa do Casal para que exercite a súa aprendizaxe ós músicos da futura banda."

(El Pueblo Gallego 20-12-1930. Páx.8)



← Miguel Paratcha Rodríguez
Miguel Paratcha Otero →




← Familia de Miguel Paratcha ↓



← Banda de Miguel Paratcha
nunha procesión en Bueu

BANDA DE PARATCHA



A dinastía musical dos Paratcha, en Bueu, iniciase con Miguel Paratcha Domínguez¹, natural de Marín (1840) e casado en Soutelo (Bueu) con Elena Otero.

Segundo confirmación do seu neto, Emilio Paratcha Gómez, e sen poder precisar a data, fundou a primeira escola de música que se teña constancia e seguidamente a primeira banda de música de Paratcha.

No ano 1905 hai testemuñas de que amenizou unha velada circense que houbo onde está o edificio "Silveiras", fronte á praia.

Ó seu falecemento (1911) seguiu coa escola e banda o seu fillo Miguel Paratcha Otero.

Aqueles músicos de entón exercían diversas profesións, e ademais tocaban.

D. Miguel na súa cédula fai constar como profesión a de "músico" aínda que sabemos que ademais era carpinteiro.


Esta saga continuouna o seu fillo Emilio, músico militar.

Daquela última banda "Paratcha", aínda hai compoñentes que nos poden dar testemuña e contar anécdotas. Citaremos a Adolfo Vidal (Chui) e a Agustín Loira (Loiriña).

1.- Francisco Paratcha, está como *fomentador* do porto de Beluso no ano 1848. (Arquivo Histórico Provincial Ca-G-7250. Secc. Facenda. 23-9-1848)

BANDA ARTISTICA DE BUEU





A Banda Artística de Bueu inicia a súa andaina, pola iniciativa de Ricardo Trinidad Ramón, coa creación dunha Academia de Música no ano 1994.

O seu primeiro froito foi a xove Banda de Música que fixo a súa presentación co gallo das Letras Galegas de 1995.

Os esforzos de moitas persoas, director, alumnos e pais, vése reflectido co bo facer de máis de trinta rapazas e rapaces que, ó longo dos anos, nos deleitan cos seus concertos e pasacalles en festas e procesións.

Sinalar que o labor musical do director Ricardo Trinidad vese amplificado coa composición dunha marcha titulada: BUEU.



Roldas (“Rondallas”)

Diferenciar as “rondallas” das comparsas no caso de Bueu non é nada fácil, dado que desde as primeiras referencias que temos, finais do século pasado, dáse fe da súa actividade en actos ocasionais (teatro, festivais,...) ou no entroido onde se xuntan para formar as comparsas ou murgas.

Pasaremos de silandeiras sobre a actividade das comparsas e teatro e soamente poremos como exemplo destas a unha de Bueu e outra de Beluso de dúas épocas, como son os anos 50 e finais dos 60.

ORQUESTRAS-MÚSICOS CONXUNTOS...



Grupo de acordeón e cordas "Os LOPE"
Eugenio Paz, Lope Estévez, Manuel Omil, Jesús Barreiro, ...

Neste apartado imos a presentar algúns dos grupos que ó longo da nosa historia máis ou menos recente, tamén tiveron como pracer ou medio de vida a interpretación da música.

Algunhas das persoas, agrupacións ou orquestras serán practicamente nomeadas, sen afondar nelas, por estar as súas actividades desligadas de Bueu. Nese caso exporemos o referente á si son fundadas ou nelas participa de forma activa algunha persoa relacionada con Bueu.



CHERSOMC



Esta "rondalla" de corda naceu en Bueu polos albores dos anos 50 e foi o seu primeiro lugar de ensaio nun faiado da rúa Montero Rios.

Deste grupo, hai quen se lembra da súa templada música ¿e como non? os metálicos, pero harmoniosos sons, que Enrique lle arrincaba á súa guitarra, cunha vulgar chave de ferro.

Escribiuse o seu nome con tódalas letras maiúsculas, e cada letra é a inicial do nome de "guerra" dos fundadores.

Os compoñentes que aparecen na fotografía de esquerda a dereita son:

CH-iño

E-nrique

R-osendo

S-ergio

O-mil

M-anolo

C-erviño

Chiño Portela

Rosendo Corral

Sergio Rodriguez

Manolo Omil

Jose "Sesito" Cerviño

Manolo "da Crega"

Enrique Rios

José Nores


Máis tarde uniráselles Vicente Blanco (o farmacéutico) e Jaime Portela Bravo (Jaimito o Carraxón).

Tamén ensaiou con eles, aínda que nunca chegou a actuar publicamente, Lito "de Gabriel"

Este conxunto, ademais de agasallar ás súas noivas e amigas con excelentes serenatas, actuaron en varias galas benéficas, concursos, veladas de nadal e outras, e estiveron no aire coa "Festa da radio", como se pode ver na fotografía.



CACHITOS



Esta "rondalla" formouse na barbería de Pepe "O Pedrojullo" e estaba formada por un grupo de amigos de Beluso que se xuntaban para tocar, cantar e saír de "carallada" e botarlle serenatas ás mozas.

Que se lembre tiveron só unha actuación en público, co gallo dunha gala benéfica, celebrada no Cine Guerra de Beluso.

Ensaibaban na casa do Pobo de Beluso. Como anécdota sinalar que algún deles, para toca-la guitarra, guiábase cunha pauta de seis liñas con números, correspondéndose este co "trasto" que se tiña que apertar no mastro da guitarra.

Os compoñentes que formaban o grupo eran:

Manolo Ferradás

José Ramón de Anguián

José Martínez

Antonio Davila

Angel (Lito) González

José Cruz.


Na foto están, de esquerda a dereita, Emilio Porteliña, Manolo Ferradás, José Ramón de Anguián, José (Sesiño) Porto, José Martínez, Toñito Davila, Pepe de Fina

Desenvolveron a súa andaina nos albores dos anos 60.



ORQUESTA PORTELA





A orquestra PORTELA contou entr os seus compoñentes con:

Pedro Portela Martínez (Acordeón)

Manuel Portela Martínez (Clarinete / saxo)

Benito Portela Martínez (Batería)

Emilio Portela Martínez (Trompeta)

José Portela Martínez "Chiño" (Clarinete)

Pedro Portela -fillo- (Contrabaixo)

Quen formou este grupo orquestral foi Pedro, que arrancou tocando o acordeón polo ano 1924. Uns anos máis tarde, no 1931, constituíuse a formación como orquestra.

No 1948-49, uníuselles Juan Mendiúña e José Mendiúña (trompeta), e no ano 1952 Juanito Diz co acordeón. Os tres actuarían cos Portelas durante un certo tempo.

Logo, e ata os anos 1960 en que desapareceu coma orquestra, actuaban só os irmans Portela, como nun principio.

Ademais, algún dos Portelas, como "Chiño", tamén se dedicou ó ensino da música, citando entre os seus alumnos a Antonio Davila (fundador e director de corais, na actualidade dirixe a coral Marusía),...

IRMÁNS CENDÓN:

Un dos poucos grupos que se formaron na parroquia de Cela foron os irmáns Cendón. As súas actuacións circunscribíanse case que en exclusiva ás parroquias do concello e aínda así non se prodigaban moito.

Eran no 1926: Manuel (fauta), Celestino (pito), Camilo (acordeón) e Marcelino (cítara).

ACORDEONISTAS:

É o acordeón un instrumento que desde a súa aparición tivo numerosos intérpretes. Por mencionar os máis significados nomearemos a Bernardo Loira (zapateiro en Loureiro), Lope Estévez, Manuel Omil Pastoriza, Pedro Portela, os irmáns Juan e Pepe Diz (autor de moitos poemas e cancións), José Nores "Pepe o Cativo", e como non Julio Villanueva da orquestra Chicos del Jazz.

Anécdotas destes acordeonistas hai dabondo, citando como mostra a de cando Manuel Omil "o Prigallo", animador do baile da Graña e máis tarde do "Paraiso", ía tocar ás festa de Moaña, collía o seu acordeón ás costas e atravesaba por Ermelo ata o pobo veciño (gañaba 1 peso cando un becerro custaba 5 pesos). Rematada a festa contratábano os grupos de mozos para ir tocar serenatas ás mozas. Facíao con gusto pois así, á parte de gañar 1 pta máis, esperaba ó abrete para evitar ser salteado na noite de camiño á casa...



Pepe Diz



Instrumentos dalgún dos músicos mencionados neste apartado



Julio Villanueva e o seu acordeón



LOS DINGOS



LOS DINGOS

Grupo formado en Bueu polo ano 1965, con catro mozos desta vila e chamados naqueles momentos:

Luisito de "Catalina" (baixista)
 Seso Porteliña (guitarra punteo)
 Carlos Pastoriza (guitarra rítmica)
 Paco Pastoriza "Tiovivo" (voz cantante)
 Meses máis tarde uniríselles
 José Manuel Lis (batería)

Como "manager" e relacións públicas tiñan a Gaspar Cerviño "Fuchicas".

Este grupo actuou en varios festivais benéficos en Bueu e Cangas

Seso Portela, máis tarde, sería un compoñente do grupo "Nuevas amistades" de Cangas, que chegou a gravar un disco.

NEMETON



NEMETON

(Nome que fai referencia a un recinto sagrado nun claro da fraga onde ofrecíanse sacrificios aos deuses. Neste caso, ao deus celta NETON)

Grupo folk fundado en Bueu polo ano 1976 (actuaron ata o 1978), por catro mozos desta vila:

Emilio Rodríguez Miranda
Miguel Agustín Pouseu Loira 'Tinsu Pouseu'
Isidro Cortizo del Río
e algunha vez acompañounos Fito (Adolfo 'O Chino')

Actuaron nunha chea de lugares e escenarios: foron teloneiros de Fuxan os Ventos nas festas da Banda do Río, así como en Cela o no Parainfo do Instituto Sánchez Cantón en Pontevedra; tamén con Amancio Prada no cine Veiga de Moaña, na Carballeira de Bronlle; tamén de Suso Vaamonde, etc. Actuaron na Casa do Mar en Bueu, acompañados por Antonio Cerviño Loira (hoxe profesor de piano no conservatorio da Estrada), na que tocaron e cantaron unha Cantiga de Alfonso X o Sabio.

“Sempre acompañábanos Pepe, o irmán de Tinsu que, por certo, c como bo carpinteiro (coma seu pai) fixo esa zanfona que aparece na foto cuspidiña a unha que figura no museo Provincial de Pontevedra.”

MÁS DECIBELIOS



“Más Decibelios” xorden en Beluso no 1992 da man de tres rapaces de Bueu:

Troncoso (baixo e coros)

Piedras (solista e teclados)

Manu (guitarra, batería e coros)

Tras ano e medio de vida musical disólvense por motivos de estudio e traballo deixando tras de si unha bagaxe de 40 cancións propias e un grande número de concertos en salas de toda a provincia.

O seu bo facer viuse reflectido co primeiro premio no Certame Musical “Tu gran ocasión” celebrado en Marín onde competiron con outros grupos e cantantes previamente seleccionados.

ULTREIA DE BELUSO



Iniciados noutros grupos musicais de Beluso independizáronse participando en diversos eventos musicais (1993).

Xa identificados como grupo de folk “Ultreia de Beluso” preséntanse por primeira vez ó público na Semana Cultural que organiza o Colexio Público de Beluso. Entre as súas actuacións cabe destacār a participación no programa “Na casa” da TVG.

Compoñentes:

Alex Torresquesana (guitarra); Carlos Canosa (percusión); Manolo Barros (percusión e frautas); Alberto Portela (gaita e ocarina); Antonio Davila (laude, gaita e frautas).



Bastantes son os músicos que procedentes do noso pobo estiveron e están espallados por afamadas orquestras e conxuntos da provincia, dando así mostra do bo traballo neste eido por moitas persoas xa mencionadas.

Como exemplos:

TAMBO

Fundada por Benito Gómez Caballero no ano 1975

TAMBO S.L.

(1995) escisión do grupo Tambo, ensaia en Bueu. Desde 1986 diríxelo Esteban Torresquesana

ZORBA

Fundada por Benito Gómez Caballero e a sua dona Manoli.


XÓSTREGA - DISTRITO 7

Composto polo matrimonio Manuel Padín e M^a Nieves Piñeiro.

SHANGHAI

Grupo de principio dos 70 que actuaba en festas e banquetes. Os compoñentes eran: Yes (batería), Estéban (baixo), ambos de Bueu, Aio (guitarra), Manolo "Buho" (teclados), Seso "Chaquetas" (guitarra), Manolo (saxo).

MISCELÁNEA DA MÚSICA HOXE



Serafin Carballo



Antón Davila

SERAFIN CARBALLO DIÉGUEZ, nado en Bueu, iniciouse formando o grupo "Caxato", con Paco "Maravillas" (baixo) e Santiago Corrales (batería), posteriormente tocou co grupo "Os suaves" de Ourense, realizando actuacións por todo o territorio; e conxuntamente con Xil Rios, Mar Azul, Stress. Nos últimos anos formou parte de diversas bandas de jazz entre elas (Cenit, Alatercado Jazz Trio, ADN, Sexteto Guerra, Traction...). Alumno avantaxado da Academia de Estudos Musicais de Santiago. No ano 1995 actuou en Tel-Aviv (Israel) e no 96 polos países bálticos (Jazz-Cruz), para posteriormente ser becado pola Asociación de Interpretes e Executantes e por outra polo Centro Musical de Berklee (USA) para o seu perfeccionamento na faceta musical de jazz (no dito afamado centro de Berklee).

ANTÓN DAVILA, nado en Beluso, dende moi novo introducícese no mundo da gaita tocando na desaparecida Banda "Novos Ventos" de Beluso. Estudiu piano no Conservatorio do Morrazo. No ano 1992, cun grupo de amigos forma un cuarteto de gaita que acabará sendo o grupo de música folk "Amairxen". Desaparecida esta Banda, comeza a tocar con Paz Cabo (cantautora madrileña).

Como solista segue actuando por toda a provincia sendo máis destacable a actuación no Festival Intercéltico de Moaña compartindo escenario con Milladoiro e Xosé Manuel Budiño. Actualmente esta a realizar estudos de gaita irlandesa na "Piobairi Uilleann" de Dublín (Asociación Mundial de Gaiteiros Irlandeses).



Alex, Antón, Miguel e Juima



Portada CD dos RUINS BOIS



Amairxen

Moitos son os grupos que xurdiron, de efémera vida, ó longo dos últimos anos en Bueu.

Con distintos nomes e estilos diferentes, os seus compoñentes intégranse en varias agrupación, subliñando:

SM.- Estilo Hard Core. Composto por Miguel (batería), Leiro (cantante), Camili Freire (baixo), Mon Resille (guitarra), Mikel (guitarra), actuaron algunhas veces no local Aturuxo de Bueu.

RUIN BOIS.- Os máis representativos *bravús* da nosa comarca. Logo duns anos de actuacións conxuntas e algún intento de gravación, editan, no ano 1996 o CD "*Sempre en Galiza*", co que se dan a coñecer nunha xira polo continente europeo. A súa música presenta unhas letras de denuncia social, cunha grande compoñente ideolóxica nacionalista. Neste mesmo ano noventa e seis, sae a rúa o CD *Unión Bravú* no que participan co tema "*Por tí mesmo*".

Os seus membros son: Mikel (*guitar*), Piri (*bass*), Sonia (*drums*) e J. Luis (*vocals*).

HOT'S K'N (JOTAS KAEN).- Estilo Rock. Compoñentes: Cacho (batería), Juan (baixo), Ramón Cereijo (guitarra), Nando (guitarra), Número (guitarra) e Marian (voz)

HOMER ÇINDO QUARTET.- Estilo Jazz (1997). Rafa (abaixo), Michi (batería), Javi (teclados) Carlos (guitarra).

UNO DE CUATRO.- Música de cantautor. Juan (baixo), Alex (piano), Michi (batería), José (guitarra acústica y voz)

CUARTETO FOLK FUSION.- Folk-Jazz. Actuaron na Casa de Cultura. Compoñentes: Antón Davila, Alex Torresquesana, Juan Estevez "Juima" e Miguel.

AMAIRXEN

Compñoeno: Antón, Berto, Alex, Carlos e Chino.



DÚO "DÉCIMA-CERVIÑO"

O dúo de piano "Décima-Cerviño" a catro mans, está composto polo matrimonio Antonio Cerviño Loira e a arxentina Lourdes Sánchez Décima.

Antonio Cerviño, nace a principios dos 60 na Banda do Río (Bueu). Desde moi pequeno vese atraído pola música e, xa na escola, introdúcese nese mundo co mestre Manuel Omil; ós 13 anos pasa ó Conservatorio de Pontevedra. Mais tarde en Segovia, asiste ás clases de perfeccionamento con Guillermo González. En Estremadura, e durante 6 anos traballa co mestre Esteban Sánchez que o incorpora ó seu equipo como docente no Conservatorio Profesional de Mérida.

Estivo becado pola Deputación de Pontevedra, Instituto Social da Mariña, concello de Vigo e Real Música de Madrid. A lista de premios obtidos iníciase en "Radio Popular de Vigo" para continuar co "Luís Coloman", etc.

Hoxe en día, complementa as actuacións en concertos coa docencia como profesor no Conservatorio Profesional da Estrada.

Lourdes Sánchez Décima, é pianista arxentina, discípula de Julio Lazarte. Na Capital Federal complementa os seus estudos interpretativos coas ensinanzas do mestre Jorge Fontenla. Recibe o título de Técnico Instrumentista, na Escuela de Artes Musicales da Universidad Nacional de Tucumán (na que leva o primeiro premio no concurso de piano que co gallo do 40 aniversario organiza esta universidade). Ofrece multitude de recitais (como solista e camerista) por toda a Arxentina e Estados Unidos (Los Ángeles e Santa Mónica-California).

No 1992 chega a Galicia becada para realizar o Curso Universitario Internacional "Música en Compostela".

Como dúo de Piano a catro mans actuaron por toda Galicia, na Arxentina, Alemaña,... e como non tamén en Bueu (28 de agosto de 1993).

Quempallou

Aparece este grupo na escea musical galega na primavera do 1999. Compostos por seis mozos de Bueu –O Morrazo- e máis dous do Incio, levan xa andado polas catro provincias galegas ademais de ter percorrido boa parte do noso país irmán Portugal. De entre os seus concertos salientan algúns no país coma a II Festa Folc de Vilariño (O Hío, Cangas do Morrazo), a Festa do Marisco do Grove, ou o festival organizado pola Amelga –Asociación de Músic@s en Lingua Galega- na compostelá Praza da Quintana a prol da lingua; así coma outros por terras portuguesas, coma a I Xuntanza de Gaiteiros de Pinhal Novo, ou o II Festival de Música Tradicional de Macedo de Cavaleiros .

No Outono do 2000 gravaron a súa primeira maqueta, a cal lles permitiría clasificarse para a final do II Certame para Grupos Folk Noveis Radio Obradoiro. Esta final celebrouse o 26 de Xaneiro do 2001 no Auditorio de Galicia –Santiago de Compostela-, tendo como xurado a figuras tan importantes do folk en Galicia coma Anxo G. Pintos –Berrogüetto-, Uxía Pedreira –ex-Chouteira-, ou Óscar F. Sanjurjo –Os Cempés-, quen es declararon por unanimidade a Quempallou gañadores do debandito certame. Asimesmo, acadan o 2º premio na final do II Concurso de Música Folk Cuartu los Val.les celebrado o pasado 28 de Xullo en Navelgas, Tinéu (Asturias), no cal participaron grupos de todo o estado español e Portugal.

Os puntos fundamentais da súa música son os ritmos tradicionais galegos tentando conserva-la súa frescura orixinal. Deste xeito, Quempallou pódese gabar de facer dos seus concertos unha festa rachada, entre pasodobres, rumbas, muiñeiras, polcas..., para diversión de tódolos presentes. O seu instrumental é fundamentalmente tradicional, só sorprendido cando o consideran preciso por algún que outro instrumento alleo pero enriquecedor, como poden ser o mandocello (buzuki), o piano ou as frautas de bico.

Compoñentes:

- Guillherme Ignacio: Gaita, frautas, percusións, voz.
- Roi Maceda: Acordeón, coros.
- Álex Torresquesana: buzuki, piano, coros.
- Guillermo Lamosa: Guitarra acústica.
- Bernardo Pena: Tamboril, percusións, coros.
- Anxo Novas: percusións, coros.
- Xosé Maceda: Bombo, coros.



Grupos corais



Coral infantil de Ons
1931

O mestre da illa de Ons, Joaquín Fernández Cambeiro, desde o ano 1928 – 1931 dirixiu un coro con case que tódolos seus alumnos. Así na revista Vida Gallega aparece a fotografía anterior co seguinte pé de foto: *"Illas de Ons.- Don Joaquín Fernández Cambeiro, entusiasta mestre nacional daquelas illas, que desde fai tres anos, polo entroido, trae ós pobos da costa unha masa coral que a forza de paciencia organizou cos nenos da súa escola, que nestas excursións adquiren o roce social que non se pode lograr naquelas soidades"*

(Vida Gallega nº 481. Data: 10-4-1931)




Coro co seu primer fundador e director: Manuel Escribano

CORO AGARIMOS



Director: Manuel Omil Estévez



O Coro "Agarimos" foi fundado por Manuel Escribano, mestre de escola en Bueu. Comezaron os ensaios na casa-escola de Escribano, en Ramón Bares (onde está o baile) no ano 1947 e fíxose a súa presentación pública o 25 de xaneiro de 1951. A directiva: Escribano (Presidente); Jorge Diz (secretario); Cesáreo Ferradás (tesorero); Rosendo Corral (pola "rondalla"); Juan Pérez (por Declamación); José Budiño (pola coral); Ramiro Otero (por deportes); José M^a Massó (presidente de honra); Gaspar Massó, Antonio Souto Barreiro e José Diz Freire (socios honorarios)

Tiña como obxectivo fundamental crear unha agrupación de tipo popular e folclórico-galega. O uniforme era o traxe rexional e tiña acompañamento de gaita e percusión.

Esta primeira etapa dura ata os anos 50 en que se fixo cargo da dirección Manuel Omil. Cara finais dos 60, a agrupación foi diminuindo a súa actividade ata desaparecer ó redor de 1965.

Cinco anos máis tarde reaparece baixo a batuta do mestre Manuel Omil Estévez.

Múltiples foron as súas actuacións o longo dos anos non só en Bueu (festivals de Música Sacra dos que eran organizadores, concertos en solitario, actuacións na semanas culturais de Beluso,...) senón tamén noutros pobos da provincia e da Coruña.

Aínda que nestes tempos está como adurmiñada, segue rexistrada como agrupación musical a nivel nacional sendo o seu actual presidente Manuel Omil e como secretario Rosendo Corral Ferreiro.




Coro SAN JOSÉ



V ANIVERSARIO DE SU FUNDACIÓN * CORO SAN JOSÉ DE BUEU * AÑO 1963 - 68

Director: Xosé Pena Collazo



Esta masa coral, que nos seus inicios foi unicamente masculina, formouse por iniciativa de José Pena Collazo, capelán da parroquia de San Martiño de Bueu. Estaba ó fronte da Capela de San José, na praia, de onde toma nome o Coro.


O seu inicio foi no 1963 e ó seu carón xuntáronse moitas quendas de xente nova de Bueu.

Quizais a rotatividade do persoal, pois ó ser mozos logo marchaban, impediu éxitos maiores, mais o seu labor é botado de menos por aqueles que o coñeceron.

As súas actuacións non estaban soamente ligadas ó ámbito relixioso, actuaba en festivais benéficos da comarca.



Coral POLIFÓNICA DE BUEU



O Coral Polifónica de Bueu fúndase ó 28 de setembro de 1982 por un grupo de entusiastas deste canto, veciños desta vila.

O seu primeiro director foi Xesús Moldes Monroi, sendo posteriormente substituído polo párroco titular de San Martiño de Bueu, Xesús Tenorio Pena.

Desde a súa fundación, este coral mantivo unha actividade ininterrompida en certames e actuacións diversas de ámbito provincial e nacional, organizados os máis deles por entes oficiais (Deputacións, Concellos,...) pero tamén privados (FE.CO.GA., casinos, etc.) acadando en todas elas un notable éxito de público e crítica.


A partir de 1988, debido a enfermidade e posterior pasamento do seu director, o coral paralizou a súa actividade ata o ano 1997, no que baixo a batuta da nova directora Rosa M^a Cerviño Loira comeza unha nova andaina.

Destacar que co gallo das letras galegas deste ano, o grupo de cámara masculino da Coral, interpretou dúas cantigas de Martín Códax, segundo manuscrito orixinal que se conserva na Morgan Pierpoint Library de New York.



Coral Infantil NOVOS VENTOS





O Coral Infantil "Novos Ventos" do Colexio Público de Beluso foi fundado no curso escolar 1985-86.

O seu director foi Antonio Davila Álvarez.

Algúns dos seus compoñentes, que chegaron case que a corenta, seguiron unidos ó mundo do canto na Polifónica de Beluso ou noutros grupos.


Actuacións mais importantes:

- Concurso de panxoliñas organizado pola Caixa de Aforros de Vigo, no ano 1986 e en Ponteareas 1987.
- Recital de panxoliñas, organizado polo Concello de Bueu, no Nadal de 1986.
- Semana Cultural do Concello de Bueu, ano 1987
- Festa na Golada, en agosto 1987
- Varias actuacións en Beluso
- Romaría Coral Galega en Santiago de Compostela, en maio de 1988.
- Misa cantada en Bueu na honra da Virxe dos Dolores, o 17-7-1988
- O 3-8-1988 unha actuación en S. Estéban de Canicouba, subvencionada pola Deputación de Pontevedra.
- Actuación en Bueu o 4-8-88 con gallo da Semana Cultural, organizada polo Concello de Bueu
- O 14-8-88 en Pontesampaio, subvencionada pola Excm^a Deputación de Pontevedra.
- E así un longo etcétera.



Coral POLIFÓNICA DE BELUSO






O Coral Polifónica de Beluso, constitúese de xeito formal, o día 25 de abril de 1987. A súa primeira actuación tivo lugar o 15 de agosto dese mesmo ano na igrexa parroquial de Beluso, coa Misa Solemne a cinco voces "Alrededor de tu mesa", orixinal de F. Palazón.

Inicialmente foi dirixido por Antonio Davila Álvarez, quen deixou o seu cargo en outubro de 1993, asumindo a dirección Carmen Pereira Vázquez. No curso 1996-97 fíxose cargo da agrupación Adoración Santos González, sendo, na actualidade o seu director Óscar García Bastón.


Moitas son as actuacións deste coral entre as que sinalaríamos:

- Múltiples actuacións en Beluso.
- Actuacion en Barro, con gallo da Festa do Viño, subvencionada pola Deputacion Provincial
- En Cerdedo, con gallo da festividade do "Ecce Homo", subvencionado pola Deputacion Provincial.
- Actuación na ROMARIA CORAL GALEGA, en Santiago de Compostela, en maio de 1988
- Semana Cultural, organizada polo Concello de Bueu, agosto de 1988.
- 2º Premio no Concurso de Panxoliñas coa obra "Noite Boa de Nadal", Organizado por Caixavigo (1988).

Coral POLIFÓNICA MARUSÍA



Director: Antonio Davila Álvarez



O Coral Polifónica Marusía nace da ilusión polo canto dos seus compoñentes, que baixo a batuta de Antonio Davila Álvarez, iniciaron os seus ensaios en novembro de 1994, e fan a súa primeira aparición o 11 de novembro de 1995 na igrexa de San Martiño de Bueu, con motivo das festas patronais.

Actúan por primeira vez cara o público o día 21 de decembro do mesmo ano no I Festival de Panxoliñas organizado polo Claustro de Profesores e A.P.A. do Colexio Público de Bueu, sendo apadriñada pola coral Queixumes do Hío.

E para rematar ese ano, Marusía cantou en directo a misa na TVG, o día de Fin de Ano.

No ano 1996 fixeron máis de vinte actuacións, das que destacarémo-la participación no Festival Concurso de Panxoliñas que organiza Caixavigo.

Conta con case que medio cento de compoñentes.

Son os organizadores dos Encontros de Corais e Panxoliñas de Bueu, así como tamén, de Concertos o Día das Letras Galegas.


Resaltar que esta coral está moi preto de nós pois desde o seus inicios utiliza para os seus ensaios as instalacións do CEIP 'A Pedra'.



CORO QUODLIBET CANTAT



Directora: Carmen Pereira Vázquez



O Coral QuodLibet (tipo de canción do século XVIII que significa “*o que queirades*”) ten a súa sementeira principal no Coro do IESP Johan Carballeira, así como doutros coros do Morrazo. Foi o matrimonio de profesores: Carmen Pereira e Manuel Torreira os que souberon aglutinar e dirixir esas voces que a partir de xaneiro de 1996 óense de cando en vez polos escenarios de toda Galicia e do estado español.

Teñen como un dos seus obxectivos o de afondar na formación musical e interpretativa dos seus cantores.

O seu repertorio, aínda que en continua renovación, abarca obras de tódalas épocas e estilos, con especial preferencia pola música contemporánea.

A primeira actuación pública de QuodLibet tivo lugar en marzo de 1996 no Centro Cultural Caixavigo. Meses máis tarde, no I Memorial Anselmo Iglesia, alcanzou un segundo posto na modalidade de interpretación.

No ano 1998 quedaron no 4º posto nun concurso nacional promovido por un coral valenciana.

Os xoves desta agrupación actuaron baixo a dirección de Santiago Torresquesana, na Mostra de Coros Polifónicos Xuvenís, en maio de 1998, cunha moi boa aceptación.

A súa labor non só se mide polos éxitos nos concertos, festivais e xuntanzas de corais nas que participan senón tamén por traernos a Bueu outros corais de relevancia como Camerata ad Libitum, Coro Kanta Cantemus, etc.

PARTITURAS

(Dedicadas a Bueu, que nomean Bueu ou feitas ex profeso para grupos de Bueu)

HIMNO DEL COLEGIO N. M. DE BUEU

❖ **"Himno del Colegio N. M. de Bueu"**. Foi un himno que a mediados da década dos anos 70 compuxérase para ser cantado por un coro de alumnos. A letra é de Buenaventura Aparicio Casado e a música de Manuel Omil Estévez, mestres neste centro nesa época.

❖ **"Canto de Ruada"**. Aparece esta partitura en Faro de Vigo do 22 de maio de 1924 na páx. 4. Nela pódese lerse *"Unha noite no muíño Pin, pin veño de Marín vou para Bueu,..."*.

Como pé da partitura di *"Este Canto de Ruada, cheo de gracia e enxebreza, foi recolleito na beiramar da ría de Pontevedra, onde era moi popular fai máis dun cuarto de século. A copla con que aparece nesta páxina e moi coñecida en toda a rexión, podendo ser substituída por calquera outra"*.

Canto de Ruada

❖ **"O Santiaguíño de Hermelo"**. Letra e música de César López Nuevo. Sobre unha idea do bueuense Luís Ríos Dopazo. César López era o director da Coral do centro galego de París.

❖ **"Canción de temporal"** de Juan López (Ourense), composta para a Coral Quod Libet de Bueu.

CANCIÓN DO TEMPORAL

Texto: Luis Amado Carballo Música: Juan López López

Lento consentimento

Soprano: Os be-rrros dos ma-za-ri- -cos ra- -chan as se- -das do mar, no
 Alto: Os be-rrros dos ma-za-ri- -cos ra- -chan as se- -das do mar, no
 Tenor: Os be-rrros dos ma-za-ri- -cos ra- -chan as se- -das do mar, no
 Baixo: Os be-rrros dos ma-za-ri- -cos ra- -chan as se- -das do mar, no

ca- -rro das mou-ras nu- -bes vén do sur o tem-po- -ral. Nas ba- -rras e nos pei-
 ca- -rro das mou-ras nu- -bes vén do sur o tem-po- -ral. Nas ba- -rras e nos pei-
 ca- -rro das mou-ras nu- -bes vén do sur o tem-po- -ral. Nas ba- -rras e nos pei-
 ca- -rro das mou-ras nu- -bes vén do sur o tem-po- -ral. Nas ba- -rras e nos pei-
 ra- -os rom- -pen as fou- -las cris- -ta- -das de lós- -tre- -gos a-za- -a- -dos das
 ra- -os rom- -pen as fou- -las cris- -ta- -das de lós- -tre- -gos a-za- -a- -dos das
 ra- -os rom- -pen as fou- -las cris- -ta- -das de lós- -tre- -gos a-za- -a- -dos das
 ra- -os rom- -pen as fou- -las cris- -ta- -das de lós- -tre- -gos a-za- -a- -dos das

O pobo sen nenos

Textos: Xosé Ramón Álvarez Música: Juan López
 Lois Pereira

Andante seruido (con lento)

Soprano: Al- de - as sen ca- -lor, ca- -tro ve - li - ños en- -dan- do van Si -
 Alto: Al- do- as hai que sen ca- -lor ve - li - ños so - los van, en si -
 Tenor: Al- do- as hai que sen ca- -lor ve - li - ños so - los an - dan- do van, si -
 Baixo: Al- de - as sen ca- -lor, ca- -tro ve - li - ños en- -dan- do van Si -

Soprano: len - cio na ma - ñá, nin a - su - bi - os nin ri - sas, ¡Paz!. Si- len - cio no se -
 Alto: len - cio na ma - ñá, nin a - su - bi - os nin ri - sas, ¡Paz!. Si- len- cio hai,
 Tenor: len - cio na ma - ñá, nin a - su - bi - os ri - sas, ¡Paz!. Si- len- cio hai,
 Baixo: len - cio na ma - ñá, nin a - su - bi - os ¡Paz!. Si- len - cio no se -

Quodlibet - 1997

❖ **"O pobo sen nenos"** letra de Luís Pereira Alvarado e Xosé Ramón Álvarez, música de Juan López,, foi feita para unha película que non se chegou a realizar polo falecemento do seu director. Forma parte do repertorio da coral Quod Libet.

- ❖ **"Bueu"**. Marcha composta polo fundador e director da Banda Artística de Bueu, Ricardo Trinidad Ramón.



- ❖ **"A fonte dos Galos"**. Muiñeira composta polo músico marinense Antonio Fernández Rodríguez que coa dedicatoria que di: "Con todo afecto adicado e pensado á villa de Bueu".

- ❖ **"Muiñeira de Bueu"**. Ó igual que a anterior está composta polo músico marinense Antonio Fernández Rodríguez. Ten a mesma dedicatoria. Ámbalas dúas muiñeiras están no repertorio da Banda de gaitas "Manxadoira".

ALLEGRO MODERATO

- ❖ **"Pinpinelina"**. Musica de Manuel Torreira, letra de Alfonso R. Castelao, dentro da obra de teatro "Os vellos non deben namorarse".

Piana Carmen con corallo

PIMPINELIÑA

Texto de "Os vellos non deben namorarse"
A. R. Castelao

Arr: M. Torreira

Soprano
Alto
Tenor
Baixo

li - sa e-ra-lla ha flor e mor-chou - se, la-go - ra, pan-pe - oc - li - ña o
se - ches na non che to-ño-a-fi - ci - ña, can-lan ou - tras pa - ra si - nos decr -

Buen, abril de 1997

O CELME QUE ANDAS BUSCANDO

Os meus pais con corallo

Santiago Toresquesana

Tenore
Baixo

O cel - me que andas bus - can - do, ñal, es - tá no meu co - ra - zón. Eu
O cel - me que andas bus - can - do, ñal, es - tá no co - ra - zón. Eu

son co-mo os chu - cha - me - les, ñal, ti es o meu a - be - llón. O vi - raí o vi - ra vi -
co - mo os chu - cha - me - les, ñal, ti es o meu a - be - llón. O vi - ra vi - ra

mos a bai-lar, o vi - raí o vi - ra que va-mos ca - sar. O
mos a bai-lar, o vi - raí o vi - ra que va-mos ca - sar. O
mos a bai-lar, o vi - raí o vi - ra que va-mos ca - sar. O
a bai-lar, o vi - ra vi - ra ca - sar. O

13 de abril de 1997

- ❖ **"O celme que andas buscando"**, música de Santiago Toresquesana, letra de Alfonso R. Castelao, dentro da obra de teatro "Os vellos non deben namorarse". Cantouse por primeira vez na representación da citada obra no ano 1997, no Instituto Johan Carballreira de Bueu.



HOMENAXE A
MANOLO GOMEZ e FRANCISCO ESTEVEZ

Casa de Cultura de Bueu
25 de novembro 2001

Con esta homenaxe pretendemos recoñecer o labor de dous precursores dunha boa parte da música tradicional na actualidade neste Concello; Sr. Francisco Estevez - Paco Rinran - , e Sr. Manolo Gomez, que souberon transmitir os seus coñecementos as xeracións que lle seguiron. Isto é dobremente meritorio xa que ámbolos dous son autodidactas.

Esta iniciativa pretende ter unha continuidade en anos vindeiros, xa que no noso entorno hai moitos músicos (gaiteiros, tamborileiros, cantadeiras, etc..) que, aínda que non se dedicaron a ensinar, souberon manter con dignidade o mundo da música do país.





Aínda que na actualidade a música tradicional está vivindo un momento de gran puxanza con interpretes de moita sona, non podemos esquecer ter pasado por épocas de crises, onde a gran maioría dos músicos tradicionais eran e son case ignorados, aínda que o seu bo facer nunca foi merecedor do anonimato.

Ante isto a Banda de Gaitas MANXADOIRA, despois de varios anos de andaina interpretando a música tradicional, chegáballe o momento de recoñecer ós músicos que co seu labor, e practicamente sen medios, souberon manter este preciso tesouro que é a nosa cultura musical. Así nos fixeron chegar os diferentes ritmos populares e pezas de autores enriquecedoras e respectuosas co noso folclore.



FRANCISCO ESTÉVEZ GARCÍA

"Paco Rínrán"

Autodidacta.

Cando andaba na escola facía os seus punteiros de cana, unha especie de frauta á que se lle encaixaba (axustaba) un pequeno pallón tamén de fabricación propia.

A primeira gaita mercoulla cando tiña uns 14 anos a Pepe de Costas en 200 ptas. que, á súa vez a mercara, estando na Mariña. Comezou tocando só, sen percusión, facendo o seu debut na fogueira de San Xoán na Graña. Tempo despois tocaba de xeito ocasional con Flu (á caixa) e Silvino Dopazo (co bombo).

Posteriormente participa na coral AGARIMOS na que canta e toca con Manuel Barros. Con este, Flu e Silvino forman un cuarteto que leva o nome da Coral. É importante esta época xa que aproveita para aprender algo de solfeo co director da coral, o Sr. Escribano.

Nos anos 50 fúndase AIRIÑOS DO LIBOREIRO con Emiterio Juncal (ó bombo) e Manuel Soliño Barreiro (a caixa). Co tempo este grupo iríase renovando. Por el pasaron os irmáns Sa (Pepe e Toñito) da Magdalena e Palmeiro (Martín e Isidoro) da Graña, Lino Villar, Josefa Oliveira, Angel González, etc.

Paralelamente, tamén tocaba en orquestras –Novos Ritmos, Balán y los King Jazz, etc.- que “levaban gaiteiro por aquilo de tocar nas procesións”. Na década dos 70 pasa polo Colexio Público A Pedra, onde ensinou música tradicional como unha actividade da Asociación de Pais.

Como intérprete nada se lle impón, tanto bota unha muiñeira como unha samba, cunha xota, un bolero, etc.


Por impedimentos físicos hai dez anos que deixou a gaita pero toca a harmónica e segue compoñendo coplas e cantares, a maioría en clave de humor.



AIRIÑOS DO LIBOREIRO

Ó pasar pola Portela
Ouín tocar un gaiteiro
E dixéronme que era
“Airiños de Liboreiro”

“Airiños de Liboreiro”
no ronco da gaita leva
un atururuxo que dí:
¡Viva o lugar da Portela!



O gaiteiro da Portela
Fixo a gaita de estripeiro
Para poder tocar con ela
No monte de Liboreiro

Liboreiro, Liboreiro,
Monte que de todo tes
Tes o pino, tes o toxo
E tes o gaiteiro ós pés.

E tes ó gaiteiro os pés
¡Quen o puidera roubar!
Ó pasar pola Portela

A un gaiteiro ouín tocar.

Paco Rin-ran



MANUEL GÓMEZ

Autodidacta.

Empezou a tocar facendo os seus propios punteiros de cana. Nalgunha ocasión tenlle adaptando unha vexiga de porco a xeito de fol, unha cana a xeito de rouco e sobrete, obtendo unha rudimentaria gaita.

Era entusiasta de OS BARROS, e alí onde ían tocar alía ía el aprendendo as melodías de memoria o tempo que se fixaba no movemento dos dedos. Deste xeito ía aprendendo a tocar.

Sendo moi novo comezou a traballar de mariñeiro nun barco do xeito. Coas 350 pesetas gañadas nunha boa semana de faena, e tras aconsellarse co seu pai, empregounas para mercar unha gaita de segunda man a un conveciño.

Poucos meses despois debutou en público tocando no Nadal en Beluso. Así comezou a súa andaina musical que ó pouco tempo o leva a unirse OS BARROS e posteriormente con AIRIÑOS DO LIBOREIRO, sen esquecer a súa participación como cantor na coral AGARIMOS.

Mediada a década dos anos setenta, e promovido pola APA do Colexio A Pedra como unha actividade máis, comeza a ensinar os rapaces e rapazas creando un grupo co nome OS DA PEDRA.

Pouco tempo despois e cos rapaces que deixaban o colexio montou a BANDA DE GAITAS VILA DE BUEU, onde continuou o seu labor docente ata hai poucos anos, inculcando o seu amor pola música e os instrumentos tradicionais, xa que non concibe as gaitas de inspiración estranxeira nin a percusión de alta tensión.

